

CASTILLA Y LEÓN



PRESENTACIÓN

Castilla y León

Ten Castilla y León máis da metade do Patrimonio Artístico e Cultural español repousando nas súas cidades, nos seus vales, nas súas montañas e nas súas chairas. Rutas e camiños milenarios sucun paisaxes fantásticas, guiándonos por unha prolongada rede de Espazos Naturais Protexidos ata vilas alegres e festivas, onde as tradicións reviven en festas populares e no sobrio recollemento da Semana Santa. Castilla y León ofrece a variedade e calidade dunha xenerosa gastronomía e unha das máis modernas propostas de servizos turísticos, nun marco histórico e natural inigualable que marcará no recordo unha experiencia inesquecible.



EVENTOS TURÍSTICOS E CULTURAIS

un privilexio para os sentidos

Este ano Castilla y León vístese de gala para conmemorar tres importantes citas culturais e turísticas, que serán un interesante reclamo para todos os que se acheguen ata a nosa rexión a compartir e gozar dos actos que se levarán a cabo con motivo da celebración do Quinto Centenario da morte de Isabel a Católica, a conmemoración do Ano Santo Xacobeo no Camiño de Santiago ou da nova edición da exposición de “Las Edades del Hombre” en Ávila.





QUINTO CENTENARIO ISABEL A CATÓLICA

A época de Isabel de Castilla constitúe un dos momentos –política, cultural e artisticamente– máis relevantes da historia de España. Durante o seu reinado, non só conseguiu agrupar os distintos territorios hispánicos e facelos crecer co descubrimento de América, senón que, ademais, impulsou as ciencias, a cultura e a técnica de forma sorprendente, situando a monarquía hispánica no centro político de Europa, unha posición que duraría varios séculos.



A nosa raíña máis universal



Exposicións
Teatro e danza
Música
Cine
Congresos
Xornadas e conferencias
Publicacións
Actividades culturais

Cando se cumpren os quiñentos anos da morte desta raíña exemplar, réndese unha merecida homenaxe á súa memoria, rehabilitando igrexas, palacios e mosteiros, que albergarán acontecementos de toda índole para achegarnos a unha visión obxectiva do tempo e da destacada personalidade da **raíña Católica**.



Un ambicioso programa cultural de exposicións, teatro e danza, música, cine, congresos, simposios, xornadas e conferencias, xunto a unha serie de publicacións e outras actividades culturais completarán un ano dedicado á raíña Isabel.

Isabel la Católica “La Magnificencia de un reinado”, que terá lugar no mosteiro de Ntra. Sra. de Prado de Valladolid do 26 de febreiro ao 30 de maio, reúne documentos históricos ligados ao esplendor e hexemonía da corte isabelina. Máis información e visitas guiadas no teléfono 983 37 84 16.

“La Vida Palaciega” desenvolverase no mosteiro de Ntra. Sra. de Gracia de Madrigal de las Altas Torres do 2 de abril ao 30 de xuño, onde se mostra o lugar no que naceu a raíña, así como obxectos da decoración doméstica. Máis información e visitas guiadas nos teléfonos 686 22 01 93 e 920 32 00 50.

En **teatro e danza** levarase a cabo un ambicioso programa de produción teatral a cargo do Centro de Producción Teatral de Castilla y León, así como a escenificación da proclamación de Isabel como raíña en “La Cabalgata de Isabel la Católica” na Plaza Mayor de Segovia. Realizaranse tamén visitas teatralizadas a monumentos...

No campo da **música**, a Orquesta Sinfónica de Castilla y León protagonizará un ciclo de concertos que, xunto con outras iniciativas, completarán un ano ategado de espectáculos musicais.

Entre as exposicións destacamos as que se desenvolverán en tres localidades vinculadas directamente coa raíña

“Caballería y Devoción”, que se celebrará do 2 de abril ao 30 de xuño na colexiata de San Antolín de Medina del Campo, é a exposición que recolle o mundo das xustas e torneos, así como o mundo do funerario e a expresión da devoción da época. Máis información e visitas guiadas no teléfono 983 81 00 63.

Poderedes gozar destas exposicións en horario de martes a domingo, incluídos festivos, de 11:00 a 19:00 horas.

O cine, así como varios **congresos, simposios, xornadas e conferencias**, recordarán a figura da raíña e a súa época a través de varias citas ao longo do ano, entre as que destaca un congreso itinerante que se celebrará no mes de novembro nas cidades de Valladolid, Barcelona e Granada. Pero tamén **actividades culturais** moi diversas, como a acuñación dunha moeda conmemorativa, o paso da Ruta Quetzal por Castilla y León, etc., e **publicacións** tales como a edición facsímile do libro *Historia del reinado de los Reyes Católicos D. Fernando y D.^a Isabel*, de William Prescott, completarán esta importante conmemoración do Quinto Centenario de Isabel a Católica.

CAMIÑO DE SANTIAGO EN
CASTILLA Y LEÓN ANO SANTO
XACOBEO

Rúa maior de Europa

Desde que o eremita Pelayo descubriu no ano 813 o sarcófago do Apóstolo Santiago, a peregrinación e culto ao patrón de España non cesou, converténdose esta ruta na rúa máis transitada de Europa, Patrimonio da Humanidade e crisol de culturas.



O camiño é unha sucesión de monumentos románicos e góticos, de albergues e mercados, de vitalidade espiritual e cultural, de xestos de hospitalidade e convivencia, que convida o home a camiñar cara ao seu interior, cara á luz, ao lugar do perdón.



Este ano cobra especial actualidade por ser o primeiro Ano Santo do terceiro milenio; e ao seu paso por terras de Burgos, Palencia e León celébranse innumerables eventos culturais.

O Camiño de Santiago en Castilla y León, hoxe, como hai séculos, ábrese ao viaxeiro, sorprendéndoos coa súa arte, tradición, paisaxes e actividade cultural.

Concertos
Teatro
Albergues
Ermidas
Catedrais
Exposicións
Teatro
Voluntariado



CAMIÑO DE SANTIAGO EN CASTILLA Y LEÓN. ANO SANTO XACOBEO

Con motivo do Xacobeo 2004, Castilla y León quere ofrecer un rico e variado calendario de actividades moi diversas, entre as que se encontran exposicións, maxia, títeres e marionetas, música, teatro e danza, cine, etc.

EXPOSICIÓNS

“Centenario de la Restauración de la Iglesia Románica de San Martín de Frómista (1904-2004)”, que terá lugar nesa localidade ao longo do verán. A arte contemporánea será protagonista de varias exposicións temáticas, algunhas delas itinerantes, entre as que destacaremos “Ayer y Hoy en el Camino”, “Las Huellas Visuales en el Camino” e “Convergencia. Arte Actual en el Camino de Santiago”.

MAXIA

A maxia estará representada nesta programación cultural coa celebración dunha “Gala de Magia”, que terá lugar o 12 de setembro en Villafranca del Bierzo, así como por outras moitas actuacións e festivais que se desenvolverán ao longo do Camiño de Santiago.

MARIONETAS E TÍTERES

En varias localidades do Camiño de Santiago realizaranse festivais de marionetas e títeres. Entre eles destacamos o “Festival Internacional de Títeres”, que se celebrará en Burgos do 7 ao 16 de maio; “Titirimundi”, que terá lugar en León do 5 ao 13 de maio, e un “Festival de Marionetas”, que se desenvolverá en Carrión de los Condes do 13 ao 15 de agosto.

MÚSICA

A música estará moi ben representada nunha gran cantidade de concertos que recollen todos os estilos musicais: pop, dance, clásica, polifónica, jazz, étnica, folk, etc. Entre as citas musicais sinalaremos:

“Festival de música pop”, que terá lugar en Ponferrada o 13 de agosto, coa participación de artistas de sona do panorama musical actual; “Jesucristo Superstar s. XXI”, de Spandau Company, que se desenvolverá en varias localidades do Camiño de Santiago; “Concierto de la Orquesta Magistralia”, dirixida por Emilio Aragón, que se ofrecerá o 16 de xullo en León; “Festival del Camino de Santiago 2004”, que se celebrará en xullo en Frómista, así como o tradicional ciclo de concertos “Órganos en el Camino”, que terá lugar tamén en Frómista nos meses de xuño, xullo e agosto, ademais doutros moitos.

TEATRO E DANZA


Neste apartado pódense destacar varias postas en escena a cargo de recoñecidos actores. Manuel Galiana e M.^a Jesús Valdés protagonizarán un concerto de música e poesía, Juan Antonio Quintana ofrecerá un percorrido poético e teatral por distintos textos en “Amor y Muerte en el Camino”.

Durante o mes de agosto, Ponferrada celebrará o “Festival de Teatro y Danza”, no que participarán importantes compañías, e varias localidades do Camiño serán as protagonistas do Festival de Teatro de Calle “Teatralle”, entre outras citas.

LAS EDADES DEL HOMBRE EN ÁVILA. TESTIGOS

Testigos de nuestro tiempo

A catedral gótica de Ávila acolle esta nova edición da exposición “**Las Edades del Hombre**”, que se desenvolverá desde maio a novembro deste ano.



Esta exposición continúa a narración das dez exposicións anteriores, presentando a Ascensión de Xesús Cristo aos ceos e a Vida do Espírito Santo, co Nacemento e a Misión da Igrexa, tal como o conta o libro de *Os feitos dos apóstolos* e as cartas de San Pablo.

Máis de duascentas cincuenta pezas de extraordinaria beleza serán expostas ao longo de sete capítulos para desenvolver esta historia.



El fuego del espíritu
La intrepidez de la Palabra
La osadía del Amor
El gozo de la celebración
Por caminos de auga: Madre de América
El contrapunto de la acción, solo Dios
basta
Y siempre Jesucristo
Teresa de Jesús
Juan de la Cruz
Testigos

LAS EDADES DEL HOMBRE EN ÁVILA. TESTIGOS

Os sete capítulos que conformarán a nova mostra de “Las Edades del Hombre” serán:

“**El Fuego del Espíritu**”: supón o nexo de unión coa exposición anterior; versa sobre Pentecoste, sobre a chegada do Espírito Santo e acerca do nacemento da Igrexa, todo iso enmarcado no ano en que se conmemora o Ano Santo Xacobeo, e no que é obrigado facer unha referencia á predicación do cristianismo en España.

Os tres capítulos seguintes tratan da Igrexa e especialmente das súas tres funcións prioritarias: a Palabra, a Caridade e a Liturxia, de aí os títulos “**La Intrepidez de la Palabra**”, “**La Osadía del Amor**” e “**El Gozo de la Celebración**”, respectivamente.

O quinto capítulo servirá de homenaxe á raíña Isabel I de Castilla, coincidindo co ano en que se celebra o quinto centenario da súa morte. Baixo o título “**Por caminos de agua, Madre de América**”, abordarase o papel que Isabel a Católica desempeñou no descubrimento e evanxelización de América.



Nunha exposición titulada “**Testigos**” e celebrada en Ávila, “cidade de cantos e santos”, non podían faltar as referencias aos seus dous místicos universais: Santa Teresa de Jesús e San Juan de la Cruz, que, xunto a San Pedro de Alcántara, ocuparán o capítulo sexto denominado “**El contrapunto de la acción, solo Dios basta**”.

A duodécima edición de “**Las Edades del Hombre**” chegará ao seu fin co capítulo sétimo “**Y siempre Jesucristo**”, que, como unha profesión de fe, pechará a exposición ata a seguinte edición, que terá lugar en Ciudad Rodrigo no ano 2006.

BENS PATRIMONIO, CATEDRAIS E CASTELOS

Pedra sobre pedra, mecenas e señores, arquitectos e artistas, trazaron con exquisitez un impresionante patrimonio artístico para legarnos a nosa propia historia. Once catedrais, sete Bens declarados Patrimonio da Humanidade, centenas de museos que gardan o testemuño dunha rica cultura, arquivos históricos, palacios e mosteiros, miles de igrexas e, sobre todo, un sinal de identidade: os castelos.



Románico, mudéjar, gótico... rúas e prazas onde se detén o tempo... os estilos artísticos máis modernos... a beleza impregna o cotián facendo que cada paseo sexa excepcional.


Castilla y León é historia viva.




BENS PATRIMONIO, CATEDRAIS E CASTELOS

A beleza concibida para comover o mundo

O **Camiño de Santiago é**, ademais de Patrimonio da Humanidade, Primeiro Itinerario Cultural Europeo declarado polo Consello de Europa. Dos 750 km de lonxitude que ten esta ruta desde Roncesvalles ata Santiago de Compostela, máis da metade discorre pola nosa rexión de leste a oeste a través das provincias de Burgos, Palencia e León, marcando profundamente estas terras durante séculos.



A **catedral de Burgos**, única declarada Patrimonio da Humanidade de forma individual, ofrece un dos mellores exemplos do gótico do s. XIII destacando a esvelteza nas súas torres que flanquean a portada, o ciborio, a capela dos Condestables, así como unha interesante colección de retablos, cadeirados e capelas.



Os **xacementos da serra de Atapuerca** representan a evidencia da presenza humana máis antiga de Europa: o *homo antecessor*, datado hai un millón de anos. Os restos atopados en 40 covas proporcionan un coñecemento exacto da evolución humana desde hai uns 800.000 anos.

O **Monumento Natural de Las Médulas**, situado na comarca de El Bierzo, considérase a maior explotación de ouro a ceo aberto de época romana. Desde o miradoiro de Orellán, podemos divisar un inmenso barranco de máis de 100 m de altura e admirar as figuras caprichosas de terra avermellada que o tempo e a erosión nos legaron.

BENS PATRIMONIO, CATEDRAIS E CASTELOS



Salamanca, cidade universitaria por excelencia, logrou maxistralmente a convivencia do antigo e o moderno. Xunto á Plaza Mayor, a Universidade, e as súas catedrais, atópanse edificios de recente construción, como o Palacio de Congresos, o Centro de Artes Escénicas, o Centro de Arte, etc.

A **cidade de Ávila**, rodeada de case tres quilómetros de muralla, garda celosamente o seu impresionante tesouro monumental: a catedral, igrexas, conventos, palacios e casas nobres impregnados polo aire de espiritualidade do seu personaxe máis ilustre: Santa Teresa de Jesús.



Segovia, presidida polo Acueduto, fito da enxeñería romana, xunto coa catedral, o Alcázar e as súas numerosas construcións relixiosas e civís, confírenlle á cidade un atractivo aspecto e un enorme valor cultural froito da convivencia das culturas xudea, musulmá e cristiá.



Murallas de Ávila

Acueduto de Segovia

BENS PATRIMONIO, CATEDRAIS E CASTELOS

Na **catedral de León** a arte transfórmase en luz multicolor cando brilla o sol a través das súas delicadas e belísimas vidreiras.

Convértese en manierista e neoclásica na **catedral de Astorga**, que harmoniza as reliquias do románico e do gótico. Recréase en influencia francesa na **catedral de Ávila**, que mostra o románico puro na súa cabeceira e transfórmase en incipiente gótico no seu deambulatorio. Álzase en pura esvelteza na **catedral de Segovia**, coñecida como “a Dama das Catedrais”.

Transfórmase case en escultura na **catedral de El Burgo de Osma**, levantada sobre un templo románico. Faise panteón na **catedral de Palencia**, chea de sepulcros de grande interese artístico.

Convértese en portadas e capelas na **catedral de Ciudad Rodrigo**. Tórnase belísima na **catedral de Salamanca**, a vella e a nova. Múdase en perla do románico na **catedral de Zamora**, e ten nome propio na **catedral de Valladolid**, onde ninguén se atreveu a finalizar a obra de Juan de Herrera.



Universidad de Salamanca
Atapuerca
Las Médulas

Esta rexión é terra de castelos; centos de fortalezas, situadas estratéxicamente dominando a campiña, debuxan belas siluetas nos atardeceres das aldeas e vilas de Castilla y León. Estes monumentos da arquitectura militar medieval testemuñan un pasado inmortalizado no Poema do Mío Cid e nos libros de historia. A súa visita e contemplación devólvenos a tempos, costumes e formas de vida xa esquecidos.

MUSEOS E MOSTEIROS

Unha viaxe pola arte e o saber



Castilla y León foi terra de reis e nobres, de mosteiros e conventos, de grandes descubridores e de xentes de ciencia. A súa importancia e testemuño atopámoslos nos innumerables palacios e mosteiros que abundan por toda a Comunidade.

A historia, a arte e as tradicións gárdanse celosamente nos museos de Castilla y León, fonte inesgotable de riqueza e saber. Entre os seus fondos recóllense as pegadas do pasado (arqueoloxía, numismática...), as manifestacións máis solemnes da arte (pintura, escultura, imaxinería...) e as tradicións e formas de vida das súas xentes (etnografía e música...). Pero Castilla y León constitúe en si mesma un verdadeiro museo vivo con máis de mil monumentos declarados bens de interese cultural, entre os que se inclúen as máis valiosas representacións artísticas do románico, mozárabe, gótico, plateresco, barroco, neoclásico, etc.

A arte contemporánea está adquirindo unha importancia destacada en Castilla y León, o que queda demostrado en interesantes museos como o Patio Herreriano (Valladolid), o Esteban Vicente (Segovia), o Domus Artium 2002 (Salamanca), o Centro de Arte Contemporáneo Caja Burgos (Burgos), a Fundación Díaz Caneja (Palencia), etc.

Conxuntos históricos
Atapuerca
Vilas romanas
Arte contemporánea



Celebracións e emoción

En Semana Santa, as impresionantes tallas funden a grandeza da súa arte coa paixón, o fervor e a solemnidade dos confrades..., impregnando o aire de emoción. A luz dos cirios, o fume do incenso e o ceo matutino e vespertino resgado polo queixume de timbais, tambores e trompetas visten as rúas e camiños de paixón.



Roldas e proclamas, confrarías e penitentes, tallas e escenificacións..., unha tradición ancestral que se conservou na súa esencia na Semana Santa, declarada de interese turístico internacional en León, Salamanca, Valladolid e Zamora

Procesións
Festas populares
Entroidos
Confrades
Festa da vendima

Hai en Castilla y León 67 festas declaradas de interese turístico rexional, nacional e internacional, entre as que se encontran, ademais da Semana Santa, incontables festexos populares, romarías e entroidos, desfiles e xustas medievais, encerros e vendimas, música e bailes a ritmo da dulzaina, do tambor e doutros instrumentos tradicionais e modernos. Entre elas destacan, polo seu carácter de interese turístico nacional, o “Carnaval del Toro” de Ciudad Rodrigo e “Ntra. Sra. da Asunción” de La Alberca, ambas en Salamanca, o “Paso del Fuego” e a “Fiesta de las Múndidas”, de San Pedro Manrique en Soria, e o “Vitor de Mayorga”, na provincia de Valladolid.



TURISMO RURAL E DE NATUREZA

Castilla y León móstrase como a terra na que a biodiversidade ten a súa casa. Conserva case intacto un dos principais patrimonios faunísticos de Europa, incluídas especies que hai tempo desapareceron do continente e encontraron refuxio nas terras máis altas desta rexión. O lobo, o oso, a pita do monte ou o rebezo teñen o seu hábitat neste paraíso natural.

Nas terras baixas encontraremos paisaxes únicas como os páramos, as ribeiras e as devesas, onde habitan raposos, lebres, avetardas ou lontras.

Nos ceos abertos, limpos, tinguidos de azul intenso, planean por miles as lavercas, os falcóns, as aguias reais ou os voitres... e, por suposto,

campanarios ateigados de niños de cegoñas.

Ríos, canles, montes, canóns, devesas... son cereal e alamedas, carballos e lavanda, abruñeiros e madre selvas..., un catálogo sobre a flora do continente que mil fotografías non poderían recoller.



Unha cita coa tranquilidade

Castilla y León ofrécelle unha gama infinita de posibilidades a quen desexe deleitarse cun turismo diferente. As vellas casas de campo foron recuperadas para dar agora aloxamento aos modernos viaxeiros; casais de pedra, barro e madeira que gardan no seu interior o sabor dunha forma de vida que se resiste ao paso do tempo. Arquitectura tradicional salvada do esquecemento por novas xentes que recuperan a ancestral cultura hospitalaria de Castilla y León, permitíndolle ao viaxeiro moderno aproveitar todas as comodidades da cultura actual pero afastados dos ruídos e das présas para gozar do tempo en contacto coa natureza.



Casas rurais
Pousadas reais
Centros de turismo rural
Pousadas
Balnearios

As casas rurais, nas súas dúas modalidades, de alugamento completo ou de aloxamento compartido, os centros de turismo rural, nos que o hóspede poderá realizar diversas actividades de ocio e tempo libre, e as pousadas, situadas en edificios con valor arquitectónico tradicional, histórico, cultural ou etnográfico, son unha magnífica alternativa para se esquecer da rutina e as présas dunha civilización acelerada e recuperar o sosego e a paz en contacto cun mesmo e co contorno tranquilo da natureza.

Dentro dos establecementos de turismo rural destacan, pola súa calidade, as Pousadas Reais, marca de excelencia turística de Castilla y León. Situadas en vilas con valor histórico-monumental ou en lugares naturais de gran beleza, a súa arquitectura tradicional intégrase perfectamente no contorno, e na súa decoración coidaron ata o último detalle, ofrecéndolles aos seus hóspedes a máxima calidade no servizo, calidez no trato e estancia nun aloxamento con especial encanto e carácter.



E cando o corpo quere ser mimado esquecendo a frenética actividade cotiá, os balnearios revitalizan e deleitan. Terras e augas ao servizo da saúde e o repouso, un secular costume que reviviu coas solucións que a natureza nos ensinou. A xuventude e a xente maior buscan estes lugares adaptados ás necesidades modernas e adaptados coas máis avanzadas técnicas en relax e tranquilidade.

Casas rurais
Pousadas reais
Centros de turismo rural
Pousadas
Balnearios

Vitalidade e esplendor

Castilla y León todo está preto.

A situación privilexiada dos enclaves, de excelente acceso, permítenos pasar dos ríos de augas bravas aos lagos e encoros; das chairas aos montes que se elevan como murallas; do campo de golf á estación de



Castilla y León, unha das rexións máis grandes de Europa, ofrece neve e sol, dourados atardeceres e mañás luminosas, pracenteiras primaveras e apracibles outonos.

esquí...;

Golf
Esquí
Deportes acuáticos
Equitación
Piragüismo




Un clima que permite a práctica de todos os deportes: pesca, sendeirismo, escalada, rutas en bicicleta, *rafting*, paseos a caballo, *ponting*, *quad*, piragüismo, vela, paseos en globo, etc.

Trátase dun turismo diferente, dunha forma de sentirse parte da natureza practicando todo tipo de actividades de turismo activo, e para facelo con garantías o mellor é contactar con algunha das 28 empresas integradas na Asociación de Profesionales de Turismo Activo de Castilla y León, ATACYL a través da web www.atacyl.org

O deporte en lugares únicos

Castilla y León posúe unha gran riqueza paisaxística e natural, caracterizada pola complexa e variada configuración do seu relevo. Estes excepcionais valores medioambientais foron determinantes para que máis dunha décima parte da Comunidade fose protexida dentro dos **Espazos Naturais de Castilla y León**, baixo diversas figuras de protección. Entre estes espazos naturais destacan algúns como os Picos de Europa en León, a serra de Gredos en Ávila, Fuentes Carrionas e Fuente Cobre, así como Montaña Palentina en Palencia, as Hoces del Duratón en Segovia, o canón do río Lobos en Soria e Burgos, os Arribes del Duero en Salamanca e Zamora e as Riberas de Castronuño-Vega del Duero en Valladolid.



Esta visita a espazos de gran riqueza medioambiental, unida ao goce do patrimonio artístico da zona, a gastronomía tradicional, o turismo activo e, desde logo, o turismo rural, fan de Castilla y León un destino único para deleitarse no tempo libre.



Picos de Europa
Serra da Demanda
Serra de Gredos
Fuentes Carrionas e Fuente Cobre.
Montaña Palentina
Canón do río Lobos
Lago de Sanabria
Hoces del Duratón
Arribes del Duero

UN PASEO PARA RECORDAR



Esta é terra de fronteiras, glosada por poetas e loada por viaxeiros, berce dunha lingua universal –o castelán–, forxada con lendas e conquistas...

que fixeron do seu carácter hospitalario unha forma de vida. Castilla y León é, sobre todo, cruzamento de camiños e culturas. Aldeas, vilas e cidades, xunto a sorprendentes paisaxes, saen ao encontro do viaxeiro ou turista que hoxe, como hai centos de anos, percorre calquera das súas vías de comunicación e de transmisión de coñecemento, ideas, experiencias e vivencias.



Imaxina un percorrido que te vai levar por camiños máxicos, a lugares que deixan pegada no teu corazón, a fiestras que se asoman ao sorprendente... e ponlle un nome.

Estás en Castilla y León.

“Ruta del Duero”: o río Duero, arteria principal de Castilla y León, atravesaa de leste a oeste polas provincias de Soria, Burgos, Valladolid, Zamora e Salamanca. É unha ruta que posúe un gran atractivo paisaxístico desde o seu nacemento nos Picos de Urbión ata a súa entrada en Portugal polos maxestosos Arribes.

Esta vía fluvial está asociada á rica e variada gastronomía, cunha oferta vitivinícola única en España amparada pola denominación de orixe Ribera del Duero.

“Ruta Vía de la Plata”: a través desta ruta que atravesa as provincias de Salamanca, Zamora e León, nos seus 383 km de percorrido por Castilla y León, é posible coñecer as principais civilizacións e épocas da historia de España: romana, árabe, medieval, renacentista, barroca... Comezando na serra de Béjar (onde se conserva unha calzada romana única en España pola súa lonxitude e bo estado) e continuando ata o Puerto de Pajares, é posible percorrer algunha das máis belas e emblemáticas localidades desta rexión nun camiño marcado con miliarios.

“Canal de Castilla”: belísima obra de enxeñería de 207 km que deixou de utilizarse coa súa finalidade inicial –o transporte de gran e de mercadorías– para converterse nunha ruta chea de encanto na que é posible practicar moitas actividades de turismo activo. As construcións asociadas á canle (esclusas, acuedutos, pontes, presas, dársenas e almacéns) móstrannos a beleza e harmonía coa que foron concibidas.

“Camino del Cid”: segue os lugares que transitou o cabaleiro Rodrigo Díaz de Vivar na súa marcha cara ao desterro decretado no século XI polo rei Alfonso VI. A historia mestúrase coa lenda nesta ruta que, atravesando as provincias de Burgos e Soria, encontra no seu camiño poboacións, castelos e fortalezas, igrexas e mosteiros que aínda hoxe están impregnados da pegada medieval que acompañou ao heroe castelán.

“Ruta de Carlos V”: rei viaxeiro por excelencia, cruzou Castilla y León na súa

viaxe de retiro ao mosteiro de Yuste. Esta ruta condúcenos desde o norte de Burgos ata o sur de Ávila atravesando moitas localidades das provincias de Burgos, Palencia, Valladolid, Salamanca e Ávila, nas que o emperador tivo oportunidade de recibir ao seu paso o cariño da poboación, de aloxarse en belos palacios e en humildes pensións, e ao longo do seu camiño puido gozar da exquisita gastronomía destas terras.

“Camino de la Lengua”: permítenos empaparnos de historia, arte e cultura e convivir co nacemento e desenvolvemento dunha lingua universal que actualmente falan máis de 300 millóns de persoas en todo o mundo. Pasa polos seguintes lugares: Santo Domingo de Silos, en cuxo mosteiro apareceron as primeiras mostras do castelán escrito; Valladolid, que como capital do imperio español tivo un importante papel na difusión do idioma; Salamanca, que en 1492 foi testemuña da edición da primeira gramática da lingua española, obra de Antonio de Nebrija, e por último Ávila, berce dos mellores místicos da historia da literatura española, Santa Teresa de Jesús e San Juan de la Cruz.

[Camino de Santiago](#)

[Ruta del Duero](#)

[Vía de la Plata](#)

[Ruta del Cid](#)

[Ruta de Carlos V](#)

[Canal de Castilla](#)

[Camino de la Lengua](#)

CON MOITO GUSTO

Non é casualidade. Castilla y León é terra de horta e cereal, de ríos troiteiros, caza e viñedos, berce de ibéricos e de pastores, de contrastes culturais e saberes herdados. A gastronomía, aquí, é un luxo cotián: ten excelentes produtos e un receptorio milenario.

Dos fornos saen asados, pan e doces, e dos fogóns, excelentes pratos guisados, mentres o mestre chacineiro nos deleita co quefacer caseiro e os pastores con excelente

queixo curado... para ser regado cuns viños que saben a tradición e privilexio.

Unha viaxe ao paraíso de Baco, onde o viño é cultura, misterio e milagro.

Castilla y León convida a descubrir a súa gastronomía, delicias que fan da mesa unha experiencia inesquecible.



GASTRONOMÍA
con moito gusto



Castilla y León posúe un bo número de produtos agroalimentarios con diversas figuras de calidade, entre as que destacan as carnes (de Avileña, Morucha, *Lechazo* de raza churra ou leitón), os embutidos (como o xamón de Guijuelo, a chacina de León ou o botelo do Bierzo), os queixos (de Zamora e Valdeón), os legumes (como as fabas de El Barco de Ávila, as lentellas de La Armuña ou os garavanzos de Fuentesauco) e froitas e verduras (como a mazá reineta e o pemento asado de El Bierzo). Todos estes produtos dan mostra da rica e variada gastronomía desta rexión, que xunto coa coidada e experta elaboración dos cociñeiros e restauradores de Castilla y León fan da súa gastronomía unha das máis apreciadas e completas de España.



Arrosti
Vini
Insaccati

Panetteria
Tradizionale
Formaggi
Legumi


Os viños de Castilla y León, cinco deles amparados baixo denominacións de orixe (Ribera del Duero, Rueda, Toro, Bierzo e Cigales) e recoñecidos internacionalmente, son outro dos moitos alicientes que posúe a variada gastronomía desta rexión.

Xunto aos pratos tradicionais elaborados a partir de antigas receitas que se perpetuaron ao longo dos séculos, é posible encontrar en Castilla y León unha nova cociña máis innovadora e moderna que investiga e desenvolve novas receitas partindo da tradición e da calidade dos produtos. Esta nova tendencia de grandes creacións gastronómicas está avalada por importantes restaurantes e restauradores que fan do comer unha verdadeira arte.


CONGRESOS E CONVENCIONES

Punto de encontro

Castilla y León conta con catro aeroportos e con excelentes comunicacións por estrada e ferrocarril coas principais cidades españolas e europeas, o que, unido á súa riqueza cultural, histórica e de natureza incomparables, converten esta rexión nun **destino excepcional de congresos**.



Castilla y León a tua próxima cita



As universidades, as oficinas de congresos e as empresas do sector garanten a calidade dos servizos turísticos destinados a estas celebracións.

Festivais
Palacio de Congresos
Concertos
Feiras de Mostras
Mercados

Escenarios como o Palacio de Congresos de Castilla y León, con sede en Salamanca, o novo auditorio de León ou as instalacións da institución feiral, situada en Valladolid, son algúns dos lugares que cobren as necesidades de grandes eventos.